

Suplemento  
realizado  
en parcería  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística  
e por Sermos  
Galiza

Quinta feira,  
3 de novembro  
de 2016  
Número 9

**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Facenda somos todos e todas, agás as persoas galegofalantes, ás que se discrimina por empregar o idioma propio. >>>>> 5

O protocolo de Donostia e o futuro do galego, un documento que promoverá medidas efectivas para o exercicio dos dereitos lingüísticos. >>>>> 4

## A non atención en galego e a deslocalización



# Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

## O infinitivo xerundial

Xosé Ramón Freixeiro Mato

A construción “a + infinitivo” con valor de xerundio –infinitivo xerundial (IX)– é característica do ámbito lingüístico galego-portugués e está documentada en textos literarios portugueses a partir do período quíntista. A presenza, se ben que menor, no Brasil e na Galiza, parece vir a explicar que non é un fenómeno xurdido exclusivamente en territorio luso. O vigor que esta construción foi adquirindo na lingua escrita do país veciño talvez se vise freado primeiramente na Galiza, en parte, por non existir na lingua de Castela e, en parte, pola debilidade da nosa tradición escrita. A súa pouca extensión no Brasil tense explicado por o fenómeno aínda ser incipiente no momento de o galego-portugués ser levado a aquel territorio, permanecendo nel o uso maioritario do xerundio como máis un arcaísmo da variante americana. No territorio galego o IX podemos consideralo, como trazo dialectal, plenamente consolidado na fala no período oitocentista; no novecentista atinxiu a plena consolidación na lingua literaria con carácter supradialectal, embora teña unha presenza máis destacada en autores da área suroccidental como Cabanillas, Castelao ou Dieste. Na actualidade semella ser un trazo morfosintáctico en progresión tanto na lingua escrita como na oral, cando menos nos ámbitos cultos e máis galeguizados da sociedade.



O IX pode ter función predicativa, adverbial ou atributiva. Como elemento constituínte do predicado realiza a función predicativa nas perífrases verbais, nomeadamente cos auxiliares “estar”, “levar”, “andar” ou “continuar” (“está a traballar”, “anda a pensar”). Canto á función adverbial, o IX é complemento circunstancial de modo (“falou a sorrir”, “fuxiu a correr”), que pode verse remarcado pola conxunción “como” (“Ollou pola xanela, como a procurar algo”). Na función atributiva reúne ao mesmo tempo as propiedades do verbo e do adxectivo (“crianzas a choraren”, “ferida a sangrar”); con frecuencia funciona como complemento predicativo dun substantivo que á súa vez é complemento directo

dos verbos “haber” e “ter” (“Hai un home a cantar aí fóra”; “Ten a face a arder”).

O IX aparece fundamentalmente nas perífrases aspectuais imperfectivas, que son aquelas que presentan a acción en desenvolvemento. Face ao presente habitual (“fala”), moi difuso canto aos límites temporais, a perífrase con auxiliar en presente (“está falando”,

“está a falar”) indica un presente durativo e máis momentáneo. Nestas perífrases o IX e o xerundio son sinónimos gramaticais que só presentan entre si diferenzas de carácter estilístico e xeográfico: “continúa estudando” / “continúa a estudar” (a perífrase “continuar a + inf.” é preferíbel a “seguir a + inf.”); tamén a perífrase aspectual terminativa “vir a + inf.” (sen medo a utilizarmos a preposición de enlace, como xa se indicou na colaboración anterior) equivale a “vir + xerundio” (“Todo vén a ser o mesmo” / “Todo vén sendo o mesmo”). Porén, non se pode substituír a secuencia “a + inf.” por xerundio noutro tipo de perífrases, como por exemplo nas aspectuais incoativas (“comezou a rir”) ou reiterativas (“voltou a cantar”); e ás avesas, nin sempre é posíbel a substitución dun xerundio por “a + inf.” (“En acabando, apaga a luz”).

O IX está plenamente vivo na fala e goza de grande vitalidade na lingua literaria. Parece lóxico, por tanto, potenciármolo como trazo singular importante na construción dun galego de calidade, sempre, claro está, dentro dos límites do bo uso e da corrección lingüística. E máis aínda a termos en conta que o IX é tamén un interesante recurso estilístico con abundante

tradicón literaria e con probada rendibilidade. A escolla entre construcións de xerundio e de IX convértese en moitos casos en cuestión de estilo e mesmo poden combinarse entre si como variación expresiva nun mesmo contexto o xerundio e o IX como construción autónoma, segundo demostra este maxistral exemplo da obra narrativa de Castelao: “Rañolas a chorar e o burro filosofando”. Neste sentido, o IX é un recurso do galego para aliviar a frecuente e monótona repetición do xerundio, tema de que será conveniente falarmos noutra ocasión.

**O IX ESTÁ PLENAMENTE VIVO NA FALA E GOZA DE GRANDE VITALIDADE NA LINGUA LITERARIA. PARECE LÓXICO POTENCIÁRMOLO COMO TRAZO SINGULAR**

## Unha App para avanzar no dereito a vivir en galego

### Consultorio da liña do galego

A Mesa pola Normalización Lingüística presentou o pasado mes de xullo a App A Liña do Galego, coa que se mellorou o servizo de asesoramento, queixas e parabéns, que a entidade en defensa da lingua presta de xeito gratuíto desde 2007.

O obxectivo desta aplicación é proporcionar unha nova forma de comunicación coa Liña do Galego, que permita o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda. Unha ferramenta destinada a persoas que fan a elección de vivir en galego, que queren atopar o galego en calquera lugar, que sosteñen o desexo de vivir en galego e que queren mostrar as dificultades para avanzar, mais tamén recoñecer e arroupar quen co seu esforzo, e sen ningún tipo de colaboración da administración, fai que o galego exista.

Grazas á existencia desta nova ferramenta online, as achegas rexistradas na Liña do Galego a día de hoxe aumentaron nun 90% respecto ao ano anterior.

A aplicación pode ser descargada da Play Store e da Apple Store. Unha vez descargada, a usuaria ou usuario ten que se rexistrar. Para o envío de queixas e parabéns só hai que cubrir un sinxelo formulario e achegar fotografía, arquivo ou documento.

Aínda que a Mesa non admite denuncias anónimas, garante a confidencialidade e anonimato de todos os datos.

A presentación da ferramenta tivo lugar no espazo encocultural Vide, Videl de Santiago, ao que a Mesa recoñeceu polo seu uso normal do galegoM xunto a diferentes marcas de viño. O presidente da entidade, Marcos Maceira, agradeceu a existencia da aplicación aos case 5.000 socios e socias da Mesa “que mateñen vivo o proxecto de activismo a favor da lingua galega, co seu esforzo persoal e tamén coas principais achegas económicas que permiten a existencia de iniciativas tan importantes como A Liña do Galego”.

En segundo lugar, a Mesa tamén quixo agradecer o seu apoio “ás únicas entidades públicas que en maior ou



menor medida colaboran co traballo da Mesa”, os concellos de Allariz, Arzúa, A Capela, Manzaneda, A Pobra do Brollón, Poio, Pontecesures, Rianxo, San Sadurniño, Teo e Pontevedra.

Por último resaltou a calidade da App grazas ao traballo de Imaxin Software, empresa que tamén destaca polo compromiso lingüístico no ámbito das novas tecnoloxías

Segundo indicou, ferramentas como a Liña do Galego son imprescindibles para visibilizar a situación real do galego, axudar á normalidade da lingua, mais tamén denunciar que só sofren atrancos, exclúen e discriminan quen só utiliza a súa lingua no seu país. Sinalou tamén que a inexistencia de axuda ou colaboración pública, agás os concellos mencionados, a servizos gratuitos de apoio á lingua como este é un caso único nos territorios con lingua propia oficial.

A Mesa, a través da Liña do galego, tramitou en 2015 case 200 expedientes, maioritariamente de queixa por vulneración de dereitos lingüísticos, coas que elaborou o informe da Liña do Galego, documento que xa foi presentado a organismos internacionais como o Consello de Dereitos da ONU, o Consello de Europa ou o Parlamento Europeo.

A esta altura de ano, a Mesa xa triplicou a cantidade de expedientes de todo o 2015, “o que demostra que cada vez existe máis conciencia dos dereitos lingüísticos, das discriminacións e da necesidade de ferramentas colectivas como A Mesa para garantir o uso normal do galego”.



## Ferroatlántica non permite o uso do galego nas reclamacións internas da empresa

Tras unha denuncia realizada ao servizo a Liña do Galego, a Mesa pola Normalización Lingüística comprobou a exclusión do galego para as denuncias e trámites internos entre a compañía multinacional Ferroatlántica e as súas traballadoras e traballadores.

O chamado código ético da compañía é o equivalente ao seu regulamento de réxime interno. No seu punto 10.3.2 sinala que “se poderán formular denuncias en lingua española, inglesa, francesa, ou chinesa (mandarín) por escrito, ben mediante o formulario online habilitado ao efecto ou ben por correo postal preferibelmente certificado e con xustificante de recepción (...)”.

Desta maneira, a compañía, propiedade do Grupo Villar Mir, exclúe o uso do galego, vulnerando por tanto, o contemplado na lexislación nacional e internacional que ampara o uso do galego, entre outras, o artigo 5 do Estatuto de Galiza de 1981, artigo 1 da Lei de normalización lingüística de 1983; artigo 6.1 e .2 da lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galiza para a súa adaptación á directiva 2006/123/ce do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior; artigo 46.1 da lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas

consumidoras e usuarias, e o artigo 13 b) e e) da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

Ante esta vulneración da lexislación galega e europea e dos dereitos lingüísticos das e dos traballadores, o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística preguntouse se existe esta permisividade por parte da Xunta con todas as accións desta empresa que, lembrou, conta con tres fábricas en Galiza e seis minicentrais eléctricas, ademais das explotacións mineiras do grupo ao que pertence.

Neste sentido, a entidade de defensa da lingua galega dirixírase non só á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á propia Ferroatlántica, senón tamén ás Consellerías de Industria e de Traballo para que actúen a favor das leis de Galiza e abran unha investigación.

A Xunta, a través das Consellerías de Industria e de Traballo, debe investigar a existencia de posibles vulneracións dos dereitos lingüísticos, e máis ao se tratar dunha compañía que obtén grande parte dos seus beneficios da extracción de recursos e actividades industriais en Galiza. En troca, devolven desprezo pola lingua propia de Galiza e incumprimento da lexislación galega e europea. Por isto a Xunta debe actuar para cumprir a súa obriga co galego e para garantir o respecto pola lexislación e a lingua.

O consultorio da liña do galego atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran; así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

# O protocolo de Donostia é realidade

Promover medidas efectivas para o exercicio dos dereitos lingüísticos das persoas que empregan os idiomas minorizados, como o galego. Ese é o obxectivo do Protocolo de Donostia, que conta coa participación de Pilar García Negro e que será presentado no mes de decembro.



O Protocolo de Donostia vertebrarase arredor dos sete ámbitos recollidos na Declaración universal de dereitos lingüísticos: principios xerais, administración e institucións, educación, ámbito socioeconómico, onomástica, medios de comunicación e novas tecnoloxías e cultural. Nesta ocasión, en lugar de se limitar a enumerar dereitos, apostouse en concretar medidas para o seu exercicio. Axentes sociais dos diferentes ámbitos presentaron as súas propostas para garantir os dereitos lingüísticos, e grazas ao labor de asesoramento do comité científico, todas estas achegas foron incluídas no Protocolo.

O comité científico valorou moi positivamente as achegas, tanto polo seu alto número, como, sobre todo, polo seu nivel e calado.

O documento ficará agora en mans do comité organizador, que será o encargado de lle dar o visto e prace definitivo. Seguidamente, o texto retornará aos axentes sociais.

As organizacións que forman parte do comité organizador son: CIEMEN, LINGUPAX INTERNATIONAL, UNPO, PEN INTERNATIONAL, ELEN e ECMI. Este comité foi o encargado de desig-

ñar os membros do comité científico, de salvagardar os valores do proxecto e de garantir o liderado dos axentes sociais durante todo o proceso.

O comité científico está formado por 15 expertas e expertos, cuxo labor de asesoramento foi fundamental para a redacción do protocolo. O seu coñecemento do ámbito da xestión lingüística e dos dereitos lingüísticos, xuntamente coas achegas realizadas polos axentes, farán do protocolo unha ferramenta moi produtiva.

Da Galiza cóntase coa presenza de Pilar García Negro, que xa fora redactora da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos de 1996.

O Protocolo de Donostia presentarase o día 17 de decembro de 2016 no palacio de congresos do Kursaal, no marco do proxecto impulsado pola Fundación Donostia 2016 e Kontseilua, e suporá un importante fito na defensa dos dereitos lingüísticos.

#### Membros do Comité Científico

Alexandra Büchler: directora da plataforma Literature Across Frontiers e membro de Culture Action Europa e da Executiva da Asociación de Tradutores do Reino Unido.

Dr. Robert Dunbar: profesor da Universidade de Edimburgo. Experto en gaélico escocés. Catedrático en Lingua, Literatura e Historia celtas.

Ewa Chylinski: Tiflis, Xeorxia. Directora territorial del ECMI (Centro Europeo para as Cuestións relacionadas coas Minorías) no Cáucaso. Impulsou diversos programas no seo da OSCE.

Dra. María Pilar García Negro: profesora da Universidade da Coruña. Membro do comité científico da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos.

Johan Häggman: ex -asesor da Oficina Europea de Linguas Minorizadas e asesor do Parlamento Europeo e da Comisión Europea.

Elin Haf Gruffydd Jones: profesora de Medios de Comunicación e Industrias Creativas na Universidade de Aberystwyth (Gales). Directora de Mercator, Instituto de Medios de Comunicación, Lingua e Cultura.

Dr. Davyth Hicks: secretario xeral de ELEN (Rede Europea para a Igualdade entre as Linguas) e director de Eurolang. Institucións europeas e axentes sociais

Dr. Iñaki Martínez de Luna: doutor en Socioloxía; profesor adxunto da UPV desde 1989.

Dr. Conchúr Ó Giollagáin: profesor

de Investigación Gaélica na Universidade das Highlands. Director de SOILLSE, Rede Nacional de Investigación para a Recuperación da Lingua e Cultura Gaélicas.

Miquel Strubell: exdirector da cátedra de Multilingüismo Linguamón-UOC. Traballou como asesor para o Consello de Europa. Profesor de Sociolingüística e Planificación Lingüística.

Dr. Ferran Suay: doutor en Psicoloxía. Profesor de Psicobioloxía na Universidade de Valencia. Membro da entidade Acció Cultural del País Valencià.

Dr. Iñigo Urrutia: profesor de Dereito Administrativo na Universidade do País Vasco, a súa tese doutoral levaba por título Dereitos lingüísticos e sistema educativo.

Dr. Fernand de Varennes: un dos máis destacados expertos en dereitos humanos das minorías do mundo.

Dr. Jaume Vernet: catedrático en Dereito Constitucional na Universidade Rovira i Virgili de Tarragona e membro do Consello de Garantías Estatutarias de Catalunya.

Dr. Durk Gorter: doutor en Ciencias Humanas pola Universidade de Ámsterdam. Experiencia investigadora de máis de 30 anos.

**O Protocolo de Donostia presentarase o día 17 de decembro de 2016 no palacio de congresos do Kursaal.**



## Novo caso de discriminación lingüística

A Mesa pola Normalización Lingüística e ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) denunciaron un novo caso de discriminación, imposición e chantaxe lingüística por parte da Xunta na tramitación dun expediente administrativo. A Xunta xustifica a súa petición en que o Ministerio de Facenda, que debe emitir informe, “está a requirir a documentación en lingua castelá”. Cómpre subliñar que o órgano substantivo para resolver este procedemento é a Xunta, e por iso sorprende-nos que sexa a propia administración galega a que inste a usar o castelán fronte ao galego para “axilizar trámites”.

Desde ADEGA e A Mesa lembróuse-lle á Xunta o disposto no artigo 36.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico e procedemento administrativo común:

“A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán. Porén o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma poderán tamén empregar a lingua que sexa cooficial nela. Neste caso, o procedemento tramitarse na lingua elixida polo interesado (...)”.

Á marxe da actitude de discriminación, imposición lingüística e falla de cumprimento da legalidade amosada polo Ministerio de Facenda neste caso, para ADEGA e A Mesa resulta intolerábel o desleixo da Xunta no cumprimento da súa función normalizadora contemplada na Lei de normalización lingüística de 1983 e no Plan xeral de normalización de 2004. A administración galega, que debería ser a primeira defensora da legalidade e valedora dos nosos dereitos lingüísticos, amósase cómplice coa actitude discriminatoria de Facenda ao promover a utilización do castelán “para evitar dilacións”, nun claro exercicio de imposición e chantaxe lingüística.

Trátase doutro exemplo de que “en castellano, no hay problema”, mais desta volta perpetrado coa complicidade da mesma administración galega, que precisamente ten a encomenda legal de defender a nosa lingua.

# A non atención en galego e a deslocalización

A firma de atención telefónica Extel comunicoulles aos representantes dos traballadores e traballadoras que o expediente de regulación de emprego (ERE) de extinción da compañía afectará a 355 postos de traballo. A maior parte desas baixas, 205, corresponde ao centro da Coruña.

Despois de dúas semanas de incerteza desde que a compañía Adecco anunciase o inicio dun expediente de redución de emprego nas cinco plataformas da súa filial no Estado español, a empresa comunicou finalmente aos sindicatos o número de postos de traballo afectados en Galiza.

Serán 205 en total, dos 950 que conforman o persoal, dedicado a atender o servizo 1004 de información ao cliente de Movistar. Este ERE responde a unha clara estratexia de deslocalización que pasa por desmantelar o centro de Galiza e cubrir o 1004 desde Bucaramanga, en Colombia, onde xa comezara a atender as chamadas.

Na última década os centros de atención á clientela na Galiza foron pechando en canto as empresas centralizaron o servizo en grandes centros de traballo. Desde o estoupido da crise, as grandes empresas incrementaron a deslocalización dos servizos de atención cara a terceiros países. En Galiza, esta deslocalización acompañada de despedimentos agravouse polo uso exclusivo do castelán nas relacións comerciais. Só entre os anos 2010 e 2012 destruíronse máis de 2040 postos de traballo, que se manterían en Galiza de existir opción de galego ao ser o persoal de Galiza o mellor cualificado para ofrecelo.

No noso caso, esta deslocalización agravouse polo uso exclusivo do castelán nas relacións comerciais e a exclusión e mesmo prohibición de uso do galego ás traballadoras e traballadores, sen opción

mínima de escolleren as usuarias ou usuarios.

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, e a responsábel comarcal da Mesa na Coruña, Xela Armas, mantiveron xuntanzas coas seccións sindicais en Extel da CIG, CXT, UXT e CCOO. Nestes encontros, os responsábeis da Mesa mostraron a súa solidariedade ás representantes das e dos traballadores, e realizouse unha valoración da situación que sofre o sector dos centros de chamadas pola deslocalización e os despedimentos, e que no caso galego se agrava coa case inexistente opción de galego.

Froito deste encontro A Mesa e o Comité de Extel na Coruña presentaron mocións en todos os concellos galegos para que as compañías de telefonía teñan opción en galego e de apoio ás demandas dos e das traballadoras de Extel.

### A SITUACIÓN AGRAVOUSE POLO USO EXCLUSIVO DO CASTELÁN NAS RELACIÓNS COMERCIAIS

Na imaxe superior, activistas en defensa do galego nunha manifestación que tivo lugar na Coruña.

# O TOSTA 2016 chegou á súa fin co festival realizado en Errenteria

Do 9 ao 11 de setembro, Rianxo converteuse na capital galega do TOSTA, que deixou na Galiza un pouso de actividade cultural e de música. O proxecto finalizou días máis tarde en Errenteria (Euskal Herria), a onde viaxou unha delegación galega.

O proxecto TOSTA 2016 chegou á súa fin co último festival realizado en Errenteria (Euskal Herria) os pasados 22, 23, 24 e 25 de setembro, onde unha delegación da Mesa pola Normalización Lingüística puido gozar do festival e formar parte del.

Galiza estivo representada en Errenteria polo presidente da Mesa, Marcos Maceira, o cal estivo presente na mesa redonda das linguas, xunto coas outras nacións participantes; Sara Seco, que interveu en nome da Mesa nun programa de radio dentro do propio recinto do festival; e polo clube da lingua de Vila Cruces, encabezado polo escritor e profesor Séchu Sende. Ademais, as pandeireteiras da Carballeira de Cercio puxeron a nota musical galega.

Tosta, foi unha colaboración entre axentes culturais de comunidades lingüísticas minorizadas do eixo Atlántico de Europa. Combina a promoción da creación artística, a celebración da diversidade lingüística e cultural, a xestión equilibrada das linguas nun proxecto internacional e unha estratexia comunicativa innovadora.

Irlanda, Gales, Escocia, Cornualles, Frisia, Galiza e Euskal Herria son as nacións embaixadoras xunto cos socios europeos en cada país: Topagunea (Euskal Herria), Celtic Neighbours (Gales), Ealain Na Gaeltachta (Irlanda), Afûk (Frisia), Sabbal Mor Ostaig (Escocia), Golden Tree Productions (Cornualles) e a Mesa pola Normalización Lingüística e a Deputación da Coruña (Galiza).

O envío dunha “carga cultural” en

O ENVÍO DUNHA  
“CARGA CULTURAL” EN  
FORMA DE COLECTORES  
MARIÑOS FOI A ESCUSA  
PARA VERTEBRAR UN  
PERCORRIDO QUE  
LLE DEU VISIBILIDADE  
A TODO O TRABALLO  
COLABORATIVO PREVIO

forma de contedores mariños foi a escusa para vertebrar un percorrido que visibilizou un traballo colaborativo previo. Un artista de cada territorio realizou unha residencia noutra, integrado na comunidade local onde creou unha obra que se presentou á chegada dos contedores a cada porto.

Cada vez que os contedores chegaron a un dos puntos do proxecto, organizouse un festival de tres días nos que se visibilizou a diversidade lingüística de Europa e os contidos do proxecto Donostia/SanSebastián2016 á vez que creacións de artistas de cada comunidade lingüística participante.

Estes festivais realizáronse con grande éxito na península de Dingle (Irlanda) a comezos do mes de maio, en Falmouth (Cornualles) a mediados de xuño, en Ceredigion (Gales) do 24 ao 16 de xuño e en Dokkum (Frisia), realizado a fin de semana do 1 ao 4 de setembro.

O 9, 10 e 11 de setembro, tras case un ano de traballo da Mesa en colaboración coa Deputación da Coruña, foi a quenda de Rianxo, vila mariñeira seleccionada para que o festival galego se levara a cabo.

Durante os tres días de festival os asistentes, de calquera rango de idade (xa que houbo actividades para todos os públicos) puideron gozar da música e cultura galega, ao tempo que descubriron e se enchouparon das demais culturas participantes no proxecto.

Entre as actividades programadas para o primeiro día, venres 9 de setembro, destacaron o obradoiro de origami, onde se elaboraron todo tipo de motivos mariñeiros con papel reciclado; a presentación do



novo libro de Xurxo Souto, *Contos do mar de Irlanda* e a presenza de Quico Cadaval. A xornada do venres concluíu coa actuación, na praza do concello, da Banda Tosta, conformada por músicos de todas as nacionalidades participantes.

A segunda xornada do festival galego comezou ás 17.00 do sábado cun obradoiro impartido pola artista plástica galesa Luned Rhys Parri, e continuou coa elaboración dun mural por parte do grafitreiro galés Zac Dutton, que seguiu a estela dos anteriores festivais, xa que en cada un



dos portos mariñeiros onde se celebraron xa festivais se pintou unha parte do mural. O segundo día do Tosta rematou coas actuacións de Fran Amil e a tribo incomprendible e da brillante banda vasca de txalaparteiros, Oreka TX.

O derradeiro día do festival en Galiza foi o máis musical. Deu comezo cunha actuación pensada para o público infantil, O abecedario con Magín Blanco. A continuación desta actividade, chegou a filmación dun mosaico humano e un encontro coa música galega

Belén Tajés, que explicou como foi a súa experiencia formando parte dunha das residencias artísticas do proxecto Tosta e deleitou o público con cancións tradicionais irlandesas.

A clausura do festival tivo lugar coas actuacións de Guadi Galego e De Vacas, que fixeron pechar o Tosta galego por todo o alto.

Aínda que este proxecto chegou á súa fin en Errenteria, existen plans de continuación nesta liña de traballo conxunto concluídas en Friesland 2018 capital de cultura.

## Un cidadán viuse obrigado a devolver un ingreso de Facenda ao negarlle as notificacións en galego

**A** Axencia Tributaria é unha das administracións que máis negan a posibilidade de uso do galego, até o punto de as e os contribuíntes que queren usar a súa lingua nos formularios dispoñíbeis teñen que redixilos de novo á marxe dos oficiais.

Con esta actitude, Facenda chegou a multar a Mesa pola Normalización lingüística por entender que reclamar as notificación en galego era “obstruír” un procedemento. A sanción foi recorrida pola Mesa no tribunal económico-administrativo, que lle deu a razón á entidade en defensa da lingua.

O último caso coñecido a través do servizo A Liña do Galego foi o dunha persoa que se dirixiu en reiteradas ocasión a Facenda, nun trámite de devolución, para reclamar o seu dereito a que os procedementos dun expediente se realizasen, tamén por parte da AEAT, en galego, tal e como recolle artigo 36.1 da Lei 30/1992:

“A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelano. Porén o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma poderán tamén empregar a lingua que sexa cooficial nela. Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado (...)”.

Ante esta actitude de desprezo e atención discriminatoria, o cidadán viuse na obriga de devolver o ingreso realizado pola administración tributaria como mostra de protesta “coa maneira en que a AEAT trata aos usuarios da lingua galega”.

Finalmente, Facenda dignouse

a utilizar o galego matizando nun escrito oficial que “nas aplicacións corporativas de Recadación non hai posibilidade de que as comunicacións se realicen en galego”.

A Mesa pola Normalización Lingüística cualificou de lamentábel esta resposta que, segundo o seu presidente, Marcos Maceira, “demostra que a Axencia Tributaria non ten ningún interese nin en cumprir

**MARCOS MACEIRA: “A AXENCIA TRIBUTARIA NON TEN NINGÚN INTERESE NIN EN CUMPRIR A LEGALIDADE NIN EN DAR A MÍNIMA OPCIÓN A USAR A LINGUA PROPIA EN TRÁMITES QUE SON OBRIGATORIOS”**

a legalidade nin en dar a mínima opción a usar a lingua propia en trámites que ademais son absolutamente obrigatorios”.

“É incríbel e propio dunha obsesión maníaca contra unha lingua oficial que Facenda alegue falta de medios para usar o galego cando está obrigada legalmente, ou mesmo chegue a perseguir e sancionar a quen está a exercer o dereito a usar a súa

lingua no seu propio país”.

A actitude galegófoba de Facenda provoca molestias, cargas e trámites innecesarios só a quen utiliza o galego. Trátase dunha discriminación aberrante propia do racismo lingüístico, á que se engade a utilización de coaccións directas ou indirectas por parte da administración.

Neste contexto, A Mesa pola Normalización Lingüística vén de instar a Axencia Tributaria a explicar por que é incapaz de manter a legalidade e as obrigas máis elementais de atención e respecto por un dereito básico como é o de uso do galego.

A entidade a favor do galego lembra que a administración tamén ten obrigas con respecto ás cidadás e cidadáns e que non pode desprezar continuamente quen só exerce os seus dereitos.

**A Mesa denuncia a actitude de desprezo e atención discriminatoria de Facenda.**

## A Mesa reclama a actuación de Política Lingüística ante a barbarización da toponimia

A práctica constante de deturpación da lingua do diario *El mundo* dáse tamén nos últimos tempos en canles de televisión públicas e privadas.

Tras a xornada electoral do 25 de setembro, o servizo A Liña do Galego da Mesa pola Normalización Lingüística recibiu queixas pola barbarización da toponimia galega en publicacións diarias como o xornal español *El Mundo*. Nomes como “Pollo”, “Guinzo”, “Carballino”, “Jove” ou “Otero del Rey”, foron utilizados para indicar os resultados das eleccións galegas dos 25 de setembro. Até en 36 ocasións, o xornal *El Mundo* utiliza a barbarización como mostra de desprezo polos nomes que identifican os concellos galegos ademais dun descoñecemento absoluto da realidade galega que sorprende nun medio de comunicación. Da Mesa reclaman a intervención da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galiza que exerza as súas funcións e actúa para que o xornal rectifique a utilización destes barbarismos e repor a legalidade nesta cuestión, tal como indica o artigo 10.1 da Lei de Normalización Lingüística.

Esta actitude non é exclusiva deste xornal, e vense repetindo habitualmente por canles públicas e privadas, nomeadamente nos últimos tempos, por Televisión Española, Telecinco e Antena 3. “É inaceptábel que 33 anos despois da aprobación unánime desta norma, aínda haxa que lembrar que os lugares de Galiza só teñen unha forma legal e lexítima. A imposición de barbarismos, a deturpación da toponimia é un ataque á nosa dignidade colectiva como galegas e galegos”, sinalou o presidente da Mesa, Marcos Maceira, que lembrou que a Xunta ten o deber de velar polo cumprimento das normas e polo respecto á nosa identidade e a nosa lingua.

OURENSE	265.457	91.922	53,1
Orense	87.122	23.542	43,0
Carballino	11.534	4.223	58,6
El Barco de Valdeorras	10.800	3.357	52,8
Verín	10.729	3.576	52,7
Barbadás	8.298	2.273	43,9
Guinzo de Limia	8.067	2.884	59,4
Pereiro de Aguiar	5.183	1.911	55,0
Allariz	4.982	1.189	35,6
Celanova	4.805	1.787	57,4
Ribadavia	4.292	1.275	42,4
San Ciprián de Viñas	4.226	1.885	61,4
la Rúa	3.825	1.210	49,6
Coles	2.693	805	45,4
Viana del Bollo	2.641	901	55,9
Maceda	2.562	1.008	59,0
Cartelle	2.553	1.203	63,8
Maside	2.441	975	59,7
Monterrey	2.408	1.173	65,6
Boborás	2.148	972	73,2
San Cristóbal de Cea	2.082	954	65,6
Toén	2.068	811	57,5
Amoeiro	2.003	664	48,2
Puebla de Trives	1.900	616	49,3
Nogueira de Ramuín	1.871	916	68,7
Vilardevós	1.833	788	59,0

PP: Partido Popular. PSdeG: Partido dos Socialistas de Galicia. BNG

O diario *El mundo* recolleu nas pasadas eleccións autonómicas os datos dos municipios galegos con topónimos incorrectos, como pode verse na imaxe.